



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2012-2013

Asociación: Colectivo de Universitarios Activos (CUAC)

1. Xestión e mantemento da emisora comunitaria CUAC FM.

A Asociación Colectivo de Universitarios Activos -CUAC- é unha asociación sen ánimo de lucro que traballa fundamentalmente no eido cultural e da comunicación social, sendo propietaria da emisora comunitaria CUAC FM que, de maneira completamente precursora e innovadora, facilita o acceso da cidadanía de maneira individual organizada á formar parte activa dun medio de comunicación social independente e sen ánimo de lucro.

CUAC ven desenvolvendo, dende o ano 1996, unha actividade de emisión radiofónica en directo e continuada, os 365 días do ano, a través do dial 103.4 da FM e da web www.cuacfm.org. Nestes máis de 16 anos de emisión, superouse o número de 400 programas emitidos dende a nosa emisora, sendo máis de 1.000 as persoas que fixeron radio e innumerables os convidados dos diversos programas, e todo isto de xeito diario (de luns a domingo) durante 12 meses ó ano. Así mesmo, cabe destacar además que nunca se ten rexeitado nin un só dos proxectos que os diversos colectivos interesados presentaron á CUAC FM para a súa emisión.

PROGRAMACIÓN COMUNITARIA

CUAC FM oferta unha programación especializada e de calidade que ten convertido a CUAC FM na emisora radiofónica de eido local con maior número de horas de produción propia e a emisora privada que máis horas emite en lingua galega. Asimesmo, cabe destacar que os contidos de CUAC FM teñen unha clara orientación social, cultural e educativa, caracterizándose pola súa especialización e diferenciación, acollendo temáticas cuxo tratamento en profundidade non ten cabida noutras radios convencionais: música local e minoritaria; música tradicional e de grupos galegos; programas de divulgación científica e medio ambiente, cobertura de movementos culturais minoritarios, programas xuvenís, deporte local, saúde, sensibilización na igualdade, etc.



No curso 2012-2013 CUAC FM realizou programas comunitarios que fortalecieron de xeito importante o vencellamento da emisora coa sociedade civil organizada da bisbarra e tamén ca propia cidadanía de base.

Informativo local Ar de Coruña (anos 2011 e 2012). Un exemplo da actividade dinamizadora e cultural de CUAC FM é a produción do informativo local “Ar de Coruña”, que de maneira comunitaria se realiza dende a coordinadora de redacción da emisora. Este programa comunitario ten coma obxectivo manter ao día aos cidadáns da súa realidade máis próxima. A través dunha “radiografía de barrio” e do “mosaico sonoro” visualízanse as problemáticas e peculiaridades de cidade. o programa inclúe unha sección de deporte local, outra de música, unha tertulia con entidades asociativas e finaliza coa axenda cultural e social. Cóntase coa colaboración de asociacións e colectivos coma Intermón Oxfam, ACSUR, Solidariedade Galega, Menores en Red ou Amnistía Internacional.

En cuarto lugar gustaríanos destacar os programas especiais que se realizan de maneira comunitaria e puntual dende a Cordinadora de Redacción de CUAC FM (con independencia da programación habitual da emisora), pois moitos deles supoñen a realización en directo de programas fora das instalacións da emisora. Todos estes programas están dispoñibles na nosa Web para a súa escoita. Os máis recentes serían:

- Programa especial sobre as **"I Xornadas sobre economía de guerra, propostas alternativas á industria do audiovisual actual"** (Maio 2013, dende a Escola de Imaxe e Son da Coruña).
- Programa **“Especial Día da Ciencia na Rúa”** (Maio 2013, dende a Casa das Ciencias da Coruña).
- Programa **“Especial día da Muller”** (Abril 2013).
- Programa especial de seguimento **“Folga Xeral do 14-N”** (Novembro 2012)
- Programa **“Especial Eleccións Galegas 2012”** (Outubro 2012);
- Programas especiais de seguimento da manifestación do 19-Xuño (2012) e da Folga Xeral do 29 de marzo (2012).

Finalmente, a este traballo hai que engadir a **colaboración coa emisora belga Radio Alma**



para a difusión a nese país dun programa mensual sobre Galicia elaborado por CUAC FM nomeado “*Viaje por el fin del mundo*” e que se realizou nos meses de marzo, abril e maio de 2013.

CAMPAÑA DE DIFUSIÓN

CUAC FM realizou no curso 2012-2013 unha **estratexia divulgativa** co fin de dar a coñecer a actividade da emisora e dar a posibilidade de que calquera persoa ou colectivo interesado en realizar un proxecto de radio, a través de diferentes accións formativas – talleres de radio- e da formación básica precisa para poder emitir un programa de radio dende a nosa emisora.

Esta estratexia divulgativa concrétase en accións como:

- Presentación das actividades de CUAC FM nos **medios de comunicación**. Envíos de notas de prensa aos medios de comunicación de eido comarcal.
- **Reparto de información** (dípticos, parrillas) sobre CUAC FM nos centros educativos da Coruña e nas facultades da Universidade da Coruña.
- Participación de CUAC na **Feira de Asociacións da UDC** e na Universidade Sénior da UDC.
- **Colaboración** de CUAC en diversas actividades promovidas polo Concello da Coruña, a Escola de Imaxe e Son de Someso, a Asociación de Amigos da Casa das Ciencias, etc.
- **Merchandising corporativo**: chapas, pegatinas, parrillas mensuais da programación de CUAC FM, camisetas, separadores de libros...
- Concursos para a promoción artística como o “**Concurso de Maquetas**” de CUAC FM.
- Oferta de **talleres formativos** sobre “como facer radio en CUAC FM” abertos á toda a cidadanía interesada.

2. Formación radiofónica dirixida ao estudantado e á cidadanía.

CUAC desenvolve anualmente, con periodicidade mensual, un programa de formación dirixido aos socios/as de CUAC FM, á comunidade universitaria e a calquera colectivo ou persoa interesada en facer un programa de radio, que abarca os contidos relacionados coa formación en locución radiofónica; formación en realización e produción de programas de radio, formación en comunicación social e asociacionismo e formación en novas tecnoloxías aplicadas aos medios de



comunicación.

CUAC impartiu en 2012 e 2013 talleres de Iniciación á Radio en colaboración con diferentes entidades e tamén formación interna dirixida aos socios e socias da entidade e aberta á calquera personas interesadas, como foron:

- **“Obradoiro de Radio”** (2013). Taller desenvolvido o 14 de maio de 2013 na Escola de Imaxe e Son da Coruña durante a celebración das "I Xornadas sobre economía de guerra, propostas alternativas á industria do audiovisual actual" aberto a calquera persoa interesada (14-15-16 de maio de 2013). [Máis info](#)¹
- **“Taller de radio con CUAC FM”** (2013). Desenvolvido no Centro Ágora da Coruña (3 de maio de 2013) aberto a calquera persoa interesada. [Máis info](#)²
- **“Taller de radio”** (2012). Desenvolvido por CUAC FM dentro do programa de ocio alternativo “Noite Nova”, impulsado polo Concello da Coruña no ano 2012, e no que se desenvolveu unha introducción ao mundo da comunicación e da radio en particular. Participaron 12 persoas (o número máximo de prazas dispoñibles), das cales catro decidiron posteriormente facer o seu propio programa en CUAC FM.
- **Programa interno de capacitación radiofónica** (curso 2012-2013). Programa formativo dirixido a persoas sen coñecementos previos de comunicación radiofónica que se realizaron nos meses de xaneiro a xuño de 2013 e do que se beneficiaron 23 persoas.
- **Talleres específicos de formación especializada.** Durante o curso 2012-2013 CUAC FM ofreceu aos seus socios e calquera persoa interesada catro talleres de formación especializada: (1) taller de edición de audio; (2) streaming; (3) podcasting e (4) aplicacións de audio en mobilidade. Destas actividades formativas beneficiáronse 94 personas.
- **Videotutoriais.** CUAC FM pon á disposición da cidadanía, a través da plataforma Youtube (<http://www.youtube.com/playlist?list=PL50D6E960BA08581D>) unha serie de 9 videotutoriais cos que se pretende formar e reciclar os coñecementos das persoas asociadas

1 <http://somososelixidos.blogspot.com.es/>

2 <http://www.coruna.es/servlet/Satellite?pagename=Agora/Page/Generico-Page-Generica&cid=1300352152203&argIdioma=es&itemID=1367198164264&itemType=Suceso>



e colaboradas de Cuac FM e calquera interesado nos seguintes contidos: (1) Preescoitas da mesa de son; (2-3) Funcionamento da mesa de mezclas; (4) Monitores; (5) Micros e cascos; (6) Control e calibrado de micros; (7) Audio dende o portátil; (8) Audio dende o teléfono á mesa; (9) ¿Cómo crear e manter un podcast?. Esta páxina conta cun total de 23.190 reproducións.

ESCOLA DE RADIO E ASOCIACIONISMO

En 2013 comezou a andar un proxecto ambicioso que se chama “Escola de Radio e asociacionismo”, para o cal se conta coa colaboración da UDC, grazas á cesión de novos espazos no campus da Zapateira, e que nace co obxectivo de:

- Favorecer o acceso e a participación activa da cidadanía aos medios de comunicación social co fin de promocionar e difundir a cultura galega a través das radios comunitarias.
- Adquirir coñecementos básicos sobre radiodifusión: locución, realización e produción radiofónica.
- Mellorar a formación en comunicación social e xornalismo dos socios/as de CUAC e da cidadanía interesada en desenvolver un proxecto radiofónico.
- Favorecer o coñecemento e dominio das técnicas de dinamización sociocultural.

3. Concurso de maquetas CUAC FM (2013).

CUAC organizou en 2013 a XV Edición do Concurso de Maquetas de CUAC FM, que anualmente dende hai 15 anos ven convocando co obxectivo de apoiar aos músicos noveis. Os gañadores do concurso deste 2013 foron as bandas coruñesas [Ánima](#) e [The Younger Boys](#), que recibiron un premio en metálico de 700 e 500 euros respectivamente. HEXANY que foi eleixida como Mellor Banda local polos socios da radio que emite dende a Zapateira no 103.4 do dial. Os premios entregáronse durante a final do concurso de maquetas, cun concerto ofrecido polas bandas finalistas, que se celebrou na sala Mardigras da Coruña, e ao que asistiron máis de 300 persoas.

4. Proxecto educativo “Isto é Galego” (2011-2012).

Isto é Galego é un curso gratuito de lingua e cultura galega editado no ano 2012 en formato CD. Os programas pódense escoitar no dial 103.4 da FM e están accesibles en formato



MP3 para a súa descarga na web <http://istoegalego.org/>. Empregado por numerosos centros educativo e con máis de 2.000 descargas ata o momento, os seus contidos abordan dende vocabulario galego, gramática e modismos, historia de Galicia, dúbidas frecuentes en lingua galega ou seccións sobre literatura galega. CUAC FM distribuíu o material elaborado nun CD especial, durante o ano 2012, entre a cidadanía e a comunidade educativa da Coruña- especialmente os centros educativos de primaria- para a difusión deste proxecto, co apoio económico do Concello da Coruña.

5. Traballo xurídico para a obtención dunha licenza de FM. Compromiso coa sociedade.

Baixo o lema “Queremos unha licenza de FM para a cidadanía coruñesa” CUAC FM desenvolveu ao longo do curso 2012 -2013 unha campaña orientada a acadar algo polo que levamos loitando máis de 16 anos: unha licenza para a única radio comunitaria sen ánimo de lucro da cidade da Coruña.

A Xunta de Galicia convocara no DOG de 30 de xullo de 2012, o concurso de licenzas para a FM (bases completas en <http://medios.xunta.es>) co que vai repartir todo o espectro radioeléctrico do que dispón (84 licenzas), excluindo explícitamente que tales licencias podan destiñarse a Servizos Comunitarios de Comunicación Audiovisual Radiofónica sen ánimo de lucro (base primeira das bases do concurso, segundo párrafo). CUAC FM consideramos que tal decisión é arbitraria, xa que non se xustifica na convocatoria e, ademais, podería conculca a legalidade vixente, imposibilitando o seu cumprimento actual, xa que coma di a Ley General de Comunicación Audiovisual.

Por elo, CUAC FM e coordinación coa Rede Estatal de Medios Comunitarios- REMC- recurriu a convocatoria do concurso da Xunta de Galicia interpoñendo unha demanda ante a sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que xa foi aceptado polo TSXG. En 2012 CUAC FM presentouse ao concurso de licenzas, para optar a unha das 3 de 8.000W de potencia que están dispoñibles na Coruña. Para elo estamos a puxemos en marcha unha campaña de crowdfunding na web www.goteo.org, que acadou o seu mínimo en 36 días (3800 €). En Agosto de 2013 a Xunta de Galicia resolveu dito concurso no que se exclúe a Cuac FM das licencias outorgadas.



6. Elaboración do Plan Estratégico de CUAC e celebración dun Future WorkShop.

Tras case 18 anos de existencia, CUAC iniciou en 2013 un proceso de reflexión interna e debate de ideas co fin de deseñar un plan estratégico consensuado entre todas as persoas asociadas que integramos a entidade, e que marcará as liñas de traballo para os vindeiros 5 anos. Este proceso de planificación comezou en novembro de 2013 coa elaboración da diagnose da entidade e a análise de Debilidades, Fortalezas, Ameazas de Oportunidades (DAFO) e continuou no mes de marzo coa celebración dun taller de futuro **“Future Workshop”** que se desenvolveu os días 19, 20 e 21 de abril no cal participaron 20 persoas da entidade.

Nuha terceira fase, celebrouse un **“foro aberto”**, o 29 de xuño de 2013, no que participaron máis de 50 socios e socias e no que se decidiron as liñas estratégicas da asociación. Actualmente atopámonos na última fase de redacción do Plan Estratégico, para a súa aprobación en assemblea.